

Don Xosé Trapero Pardo, fillo predilecto de Castro de Rei

Xosé Manuel Carballo Ferreiro

Crónica dunha homenaxe e testemuño de gratitude

Pídeseme unha colaboración máis ou menos literaria para este número de *CROA* sobre a figura de Don Xosé Trapero Pardo con motivo do centenario do seu nacemento.

E eu pido permiso para comezar facendo unha pequena crónica dos actos da homenaxe que con este mesmo motivo lle tributou o día catro de outubro o Concello de Castro de Rei co seu Alcalde, Arturo Pereiro, á fronte a quen fora merecidamente nomeado fillo predilecto deste Concello, sendo Alcalde Emilio Sinde.


O mesmo Emilio Sinde tivo moito que ver tamén coa organización desta homenaxe que resultou sinxela, pero emotiva.

Os actos consistiron nunhas palabras de benvida de Arturo Pereiro ás noventa e cinco persoas que nos deramos cita no cemiterio da parroquia de Duarría, onde repousan na paz da súa Chaira os restos mortais de Don Xosé.

Logo, celebrouse unha misa concelebrada polos sete curas que servimos parroquias do Concello de Castro de Rei e presidida polo Vigairo Xeral da Diocese de Mondoedo-Ferrol, Fiz Villares Mouteira.

A súa presenza non foi so unha expresión do recoñecemento da Diocese na que Trapero nacera, fixera es estudos eclesiásticos completos, sen chegar a ser ordenado sacerdote, e á que nunca deixara de querer; senón que viña tamén motivada pola fonda amizade que unira a ámbolos dous e porque ata hai ano e

pico, Fiz fora Rector do Seminario de Mondoñedo do que saíron, ou polo que pasaron, tantos persoeiros das letras e da cultura galega ben estudiados por Fiz, entre os que se contaba tamén Don Xosé (véxase a portada do número da revista *Amencer*, que os alumnos do Seminario lle adicaron como homenaxe).



Na súa homilía, chea de fe e de humanismo, deixou o Vigairo constancia do seu fondo coñecemento do homenaxeado e da súa obra.

Rematada a misa, que fora composta para a ocasión, houbo unha intervención deste improvisado cronista que logo transcribirei e que expresa o meu sentir.

E a continuación interviron

Xulio Xiz e Manuel María.

Coido que non se terá celebrado ningún acto de recoñecemento a Trapero co que Xulio Xiz non tivese algo que ver. Era moito o que se querían e tamén é moita a dispoñibilidade de Xulio para calquera cousa que se lle pida. Neste caso a súa colaboración merece un agradecemento especial, porque por aqueles días estaba súa nai a piques de deixar este mundo. Agora xa está tamén no Alén con Don Xosé e con tódalas persoas de ben.

A colaboración de Xiz consistiu na lectura dunha carta dirixida naquel mesmo momento a Don Xosé na que de xeito moi poético e en son moi entrañable ía esbaggullando sentimentos. Disque unha estrela fugaz que atravesou aquela noite o firmamento era unha bágoa que se lle ceibou a Don Xosé ó escoitar falarlle do seu Pelúdez.

A Manuel María pedíuselle que non pasase dos dez minutos na súa intervención; porque o Patriarca, se non se lle po en cancelas, o mesmo está a falar oito días ou máis sen parar de calquera tema que sexa. Tivo que ser unha tortura restrinxirle o tempo de fala a este mestre da palabra; pero, como é home de palabra no

máis amplo sentido da palabra, cumpríu e, aínda así, tivo tempo para facer unha ampla semblanza do homenaxeado e da súa obra, para recitar un soneto que lle ti a feito a Pelúdez, para pedir que se puxese unha placa na casa onde naceu en Castro de Ribeiras do Lea e para encomendar a quen corresponda que se reediten os seus escritos esgotados e se edite de primeiras a obra

inédita. Todo iso en dez minutos, e todo iso porque Manuel María nunca di unha soa palabra valeira.

Como fin a estes actos, o Presidente da Deputación, Don Francisco Cacharro, descubriu unha placa, testemuña de recoñecemento e agradecemento do Concello, no panteón que abeira os restos de Don Xosé, e o Alcalde despediu agradecido ós asistentes.

De remate, houbo un xantar compartido presidido pola familia de Don Xosé, que a comida en común sempre expresa e reforza os vínculos de unión.

Entre os que alí nos deramos cita estaban, ademais dos xa nomeados, familiares de Don Xosé, Concelleiros dos distintos partidos con representación na Corporación Municipal, o Sr. Alcalde de Lugo, o Sr. Delegado de Cultura e outras personalidades da política, algúns representantes do campo da cultura como Felipe Arias, castroderreirense de honor, e non poucos veciños e amigos de Don Xosé. Pero tamén é certo que se notou a falta dalgún representante cualificado dalgunha entidade á que el estivera especialmente vinculado e que fora directamente invitada. Notouse a falta, pero ós que ti amos mantido algunha conversa confidencial con Don Xosé non nos sorprendeu, que, por sorte, xa estamos curados de espantos.

É certo que non faltou, como case sempre acontece, quen dixese que os cartos empregados nesta homenaxe serían máis rendibles nalgún camiño u nalgunha pista. Son os malnacidos de sempre que nunca senten a obriga de seren agradecidos e que tampouco queren entender que, se non van por diante os amplos camiños da cultura, os outros camiños sempre serán estreitos e enlamados de mesquindade.

Vaia, logo, agora a colaboración que nun principio se me pedía.

Bo proveito, amiguiño!

Encheríame de fachenda poder presumir de ter sido un gran amigo de D. Xosé Trapero, porque a todos nos fai poñer moi tesos o gabarnos de gran amizade con aquelas persoas ás que admiramos. Pero non ousou presumir de tanto, xa que iso de “gran amigo” e cousa moi seria que non me atrevo a afirmar sen estar el tamén presente. Quedareime, xa que logo, en afirmar que eramos amigos, cousa, por outra banda, nada excepcional tratándose de Don Xosé, pois calquera que o coñecese tiña que que-relo e el non era tampouco reparado á hora de ofrecer a súa amizade a ninguén, pois o seu temperamento estaba entretecido de cordialidade.

Sei que el me quería ben e eu tamén lle quería. Mellor dito: queríalle e quérolle, porque a morte pode matar moitas cousas, pero non pode matar o cariño.

Sentía por el verdadeira admiración por múltiples motivos. E quizabes o primeiro deles fose por ser el un dos fillos máis ilustres do meu mesmo concello de Castro de Rei. O sentilo tan próximo e o amor que puiden comprobar que profesaba á súa terra de orixe foi algo que nunca poderei esquecer e que me gustaría poder imitar.

Posto a enumerar calidades polas que o admiraba véñense-me á mente unha morea delas que non mencionarei na súa totalidade para non excederme; pero entrecollerei algunhas, poño por caso: a súa dispoñibilidade para calquera cousa que se lle pedise, a súa sinxeleza para abaixarse a calquera que fose, o seu espírito observador, a súa acti-

tude de fino humor ante a vida, á súa fidelidade á súa terra e ós seus homes, o seu talante de persoa tolerante, pero con firmeza de criterios, os seus amplos coñecementos e a súa curiosidade por saber máis.

Non quixera rematar esta pequena escolma sen referirme á súa condición de mestre na arte da divulgación e de gran comunicador, pois el tiña ese don de prender da súa palabra, oral ou escrita, a cantos se dispuxesen a escoitalo ou a lelo, e ó mesmo tempo, gozaba dunha gran facilidade para poñer ó alcance de calquera conceptos que habitualmente son patrimonio de intelectuais.

Antes fixen referencia a súa firmeza de criterios e quero destacar que entre os que marcaron a súa vida non foron os de menor peso, nin moito menos, as súas profundas conviccións relixiosas. De maneira que entendo que todas as boas calidades que quedan enumeradas e tódalas demais que tamén lle eran propias estaban ben amasadas nunha fe viva e dinámica.

Coido que Don Xosé foi rico en coñecementos, en amigos e en valores humanos. Pero en cartos e bens materiais paréceme que non pode dicirse que chegase a rico, nin creo que o intentase. Pois, sendo así, teño a confianza de que tamén para el é certo aquilo de que “...dos que teñen espírito de pobre é o Reino dos Ceos”. Por iso a mi a oración por el é moi breve. Tomando por mi a a súa frase habitual de despedida nun programa de radio que viña cadrando pola ora do xantar e no que el colaborou durante moitos anos: “Bo proveito, amiguiños!”, tamén eu lle digo:

“¡Bo proveito, amiguiño, nese banquete eterno no que sen dúbida estás!”.